MINI GUÍAS PRL

A PREVENCIÓN, MELLOR ENTENDIDA. E MELLOR APLICADA.

CEG

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

cec

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE LA CORUÑA

Co financiamento de:

XUNTA DE GALICIA

Mini Guías de revisión e puntos de control

Esta guía práctica transforma as nove frases da campaña **Retranca na PR**L en **puntos de control verificables** da xestión da prevención de riscos laborais. A idea é ir máis alá da sensibilización e utilizar cada refrán como unha pregunta para comprobar se a prevención funciona realmente nos centros de traballo.

Como utilizar as mini guías

Para cada frase inclúense o obxectivo preventivo, as preguntas de revisión e as evidencias que convén comprobar. Pode aplicarse nunha reunión de seguimento, nunha inspección interna ou na revisión periódica do sistema preventivo.

- Cumpre: hai evidencias de que a medida está implantada e funciona.
- Cumpre parcialmente: existe, pero é incompleta, irregular ou non se verifica a súa eficacia.
- Non cumpre: a medida non existe ou non é efectiva.
- Non aplica: non corresponde aos riscos ou procesos da empresa, deixando constancia do motivo.

Unha resposta positiva debe apoiarse en evidencias, non só na existencia dun procedemento escrito.

Integración das mini guías no proxecto

As mini guías incorpóranse como unha ferramenta complementaria á campaña da CEC, mantendo a súa **linguaxe próxima e a retranca como recurso de sensibilización**, pero vinculando cada mensaxe a unha comprobación concreta.

As mini guías son unha **proposta práctica de autoavaliación**. Non substitúe a avaliación de riscos específica, a planificación preventiva legalmente esixible nin as comprobacións técnicas que correspondan a cada actividade.



Nunca choveu que non escampara

Quen abre os ollos a tempo, evita dano e arrepentimento.

Obxectivo preventivo: xestionar as situacións adversas sen improvisacións nin exposicións innecesarias ao risco.

Puntos de control:

- Existen procedementos para traballar en condicións adversas, como meteoroloxía desfavorable, avarías, sobrecargas de traballo ou situacións de emerxencia.
- Están definidos os criterios para deter, suspender ou modificar unha tarefa cando non se pode garantir a seguridade.
- O persoal coñece a quen avisar e como actuar ante unha situación de risco grave e inminente.
- A planificación do traballo permite adaptar os ritmos e os recursos ás condicións reais, sen inducir a asumir riscos por presión produtiva.
- As actividades interrompidas só se retoman cando se comproba que as condicións son seguras.

Evidencias que revisar: protocolos de emerxencia, instrucións de traballo, rexistros de incidencias, planificación de quendas e comunicacións internas.

Pregunta clave: cando as condicións non son seguras, a organización permite parar e actuar con prudencia?

Quen financia esta iniciativa?

Esta iniciativa está financiada pola Xunta de Galicia, , ao abeiro das axudas en materia de prevención de riscos laborais segundo a Lei 31/1995.

CEG
CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

cec
CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA

Co financiamento de:
XUNTA
DE GALICIA

A TÚA VOZ CONTA

Falamos? Manda ti primeiro, que nós escoitamos.

cec.es

prevencion@cec.es

981 558 456